

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTEAREAS****Persoal, oposicións**

APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA VACANTE DE PERSOAL LABORAL AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO, MEDIANTE SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía 2022-0856, de data 27/04/2022, aprobáronse as Bases e a Convocatoria para a provisión en propiedade da praza vacante de persoal laboral con código 02.01.01.02, de Auxiliar de Axuda a Domicilio mediante o sistema de concurso oposición, por quenda libre, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2018, publicada no DOG nº 130, de 10 de xullo de 2019.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

BASES PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA VACANTE DE PERSOAL LABORAL AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO MEDIANTE QUENDA LIBRE, INCLUÍDA NA OPE DO ANO 2018 DO CONCELLO DE PONTEAREAS.

1. OBXECTO

1. As presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria e do proceso selectivo para a provisión en propiedade, con carácter de persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso-oposición, por quenda libre, dunha praza vacante de Auxiliar de Axuda a Domicilio pertencente ao grupo 5 do Convenio Colectivo do Concello de Ponteareas (no momento de publicación da Convocatoria da OPE 2018) e na actualidade encadrada no Grupo 3 subgrupo 3 do Convenio, incluída na Oferta Pública de Emprego do 2018 do Concello de Ponteareas, aprobada inicialmente por resolución da Alcaldía, de data 11-12-2018, ampliada por Decreto nº 2019/0307 de data 31-01-2019 e rectificada por Decreto 2019/0340 de data 04-02-2019 publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 130, de 10-07-2019.

A praza estará dotada cas retribucións básicas correspondentes ao grupo e subgrupo de clasificación profesional establecidas no II Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Ponteareas, para o posto de Auxiliar Axuda a Domicilio.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

2. PUBLICIDADE

A convocatoria e as bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Taboleiro de Edictos (sede electrónica Concello de Pontearreas), e de forma complementaria na páxina web municipal <https://pontearreas.gal/>.

O anuncio da convocatoria publicárase no Boletín Oficial del Estado (BOE) e no Diario Oficial de Galicia (DOG).

3. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

1. Para poder participar neste proceso as/os aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, os requisitos que de seguido se relacionan:

a) Ser español/a ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do/a cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, todo o anterior nos termos e coas salvedades do Art. 57 do TREBEP.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso á función pública.

e) Estar en posesión, dalgunhas das seguintes titulacións habilitantes ou equivalente (segundo o establecido na ORDE do 19 de novembro de 2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes ás categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia):

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.



- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles/as profesionais que á data de publicación do devandito Acordo do 19 de outubro de 2017, estean a traballar na categoría profesional de coidador/a ou xerocultor/a.
- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade da ocupación de axuda a domicilio, regulado polo entón Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Así mesmo, poderán participar no presente proceso selectivo, aquelas persoas que estean en posesión da correspondente habilitación para o exercicio na categoría de auxiliar de axuda a domicilio, expedido por Administracións Públicas competentes en Servizos Sociais ou por aquel organismo público determinado pola Comunidade Autónoma, de conformidade coa Resolución 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo do 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Non obstante, aqueles aspirantes que accedan ao proceso selectivo cunha habilitación expedida pola Comunidade Autónoma correspondente, quedarán condicionados/as aos límites temporais e demais requisitos esixidos na habilitación/certificación habilitante.

f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidade de persoal ao Servizo das administracións públicas, e do Real Decreto de desenvolvemento 598/85, do 30 de abril.

g) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, conforme establece o artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de Modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, naqueles postos que así se especifique.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

h) Xustificante de ter aboada a cantidade de 20 euros dentro do prazo de presentación de instancias, polos dereitos de participación no proceso selectivo.

i) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B, visto que Pontearreas é un Concello onde a maior parte da poboación dependente se atopa fóra do núcleo urbano, facéndose necesario que os/as auxiliares de axuda no fogar se despracen ao longo das 24 parroquias que comprende o termo municipal de Pontearreas, así como a núcleos de poboación diseminados para poder realizar o seu traballo.

2. En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá achegarse coa solicitude, acreditación documental tanto do grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia da certificación expedida polo órgano competente da Administración autonómica.

3. Os/as aspirantes deberán solicitar a oportuna adaptación de tempos e medios, sinalando as súas necesidades específicas, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte o disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como a normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

4.- INSTANCIAS

1) As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr/a. Alcalde/sa Presidente/a do Concello de Pontearreas segundo do modelo establecido no Anexo I das presentes Bases, debidamente cumprimentado e asinado. Deberá achegarse xunto a instancia:

Documento Nacional de Identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios, así como fotocopia de toda a documentación necesaria para acreditar os requisitos mínimos de acceso recollidos no punto. 2 das presentes bases.

Certificado/ Título esixido , ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición

Os méritos a valorar na fase de concurso. Os non alegados xunto coa instancia de participación ou alegados e non xustificados non serán tidos en conta. A documentación acreditativa dos méritos que aleguen posuír para a súa valoración na fase de concurso deberá presentarse a través de fotocopias.

Para acreditar a experiencia laboral, deberá facerse a través de certificado de servizos prestados expedido por administración pública ou contrato de traballo acompañado de vida laboral.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

- Certificado da lingua galega Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional 2ª da orde do 16 de xullo de 2007, para xustificar ter o coñecemento da lingua galega e estar exento/a de realizar o exercicio da fase de oposición.

Xustificante de ter aboada a taxa de 20 euros por dereitos de exame ou documento que xustifique a exención ou redución da taxa.

Para ser admitido/a no proceso correspondente os/as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación segundo o modelo do Anexo I que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación de instancias.

2) O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no BOE. Estas bases publicaranse íntegras no taboleiro electrónico do Concello e na páxina Web www.ponteareas.gal, apartado de Oferta de Emprego Público, así como na Sede Electrónica do Concello e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

3) A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de Ponteareas emprazado en Xardíns da Xiralda s/n, 36860-Ponteareas, de luns a venres en horario de 9 a 13 horas, ben en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

Así mesmo, para as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos ou nun rexistro diferente ao do Concello de Ponteareas será necesario remitir unha copia da solicitude rexistrada ao correo recursoshumanos@ponteareas.es, nun prazo máximo de 3 días hábiles posteriores ao remate do prazo de presentación de instancias .

4) Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude, neste senso, as persoas con discapacidade recoñecida que, como consecuencia da mesma, presenten especiais dificultades para a realización das probas selectivas reguladas nas presentes bases, poderán formular petición concreta na solicitude de participación, na cal deben reflectir as necesidades específicas que teñan para acceder ao proceso de selección. En tal caso, e para efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión do solicitado, o/a candidato/a xuntará o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalía competente, acreditando de forma que faga fe, a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, nos termos que resultan da ORDE PRE/1822/2006, de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade

5) As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ao organismo competente.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

6) Os/as aspirantes quedan vinculados/as aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

7) Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos. En devandita Resolución, que se publicará en o Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello [<http://ponteareas.sedelectronica.gal>] [e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión], indicaranse os lugares en que se atopan expostas ao público as listas certificadas completas de aspirantes admitidos e excluídos, sinalándose un prazo de dez días hábiles para que poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

8) A documentación acreditativa tanto dos requisitos como dos méritos que aleguen posuír para a súa valoración na fase de concurso deberá presentarse a través de fotocopias. Para acreditar a experiencia laboral, deberase facer a través de certificado de servizos prestados expedido por administración pública ou contrato de traballo acompañado de vida laboral. Se non se presentara fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos da súa puntuación. Con todo o Tribunal poderá admitir dito mérito se no momento da presentación da instancia se alegó estar en posesión do mesmo pero non se pudo aportar por motivos alleos ao solicitante. Asimesmo o Tribunal poderá recabar dos interesados as aclaracións ou, no seu caso, a documentación adicional que se estime necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

As persoas aspirantes deberán indicar na solicitude de participación se desexan realizar as probas en galego ou en castelán.

5.- DEREITOS DE EXAME

Ter aboada a taxa de 20 euros, dentro do prazo de presentación de instancias, polos dereitos de participación no proceso selectivo. A taxa de dereitos de exame esixirase en réxime de autoliquidación no modelo facilitado polo Departamento de Rendas do Concello.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, a falta de pago da devandita taxa suporá a exclusión definitiva do/a aspirante das probas selectivas.

Estarán exentas as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33/%, segundo o certificado emitido polo Organismo Competente, o cal deberá achegarse á instancia de solicitude e gozarán dunha bonificación do 50% aqueles suxeitos pasivos, membros de familias numerosas que teñan recoñecida tal condición.

Procederá a devolución da taxa por dereitos de exame cando non se realice o feito imponible por causas non imputables ao suxeito pasivo. Non procederá devolución ningunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado/a.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

6.- PROCEDUREMTO SELECTIVO:

O sistema selectivo empregado será o concurso-oposición, debendo desenvolverse, con carácter previo, a fase de concurso.

1) Fase de concurso:

a) Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 5 puntos, nos seguintes termos:

Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,35 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 150 horas: 1 puntos.

A titulación habilitante ou equivalente para participar no presente concurso oposición sinalada na base 3.1.e) non poderá ser obxecto de baremación, agás non caso de que o aspirante posúa máis dun título dos sinalados na devandita base. Nese caso deberá especificar na súa instancia cal é o título habilitante ou equivalente para participar e cal/es é/son o/os títulos que desexa entren no apartado de baremación.

b) Experiencia: A puntuación máxima neste apartado será de 5 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria de similar ou igual categoría nos seguintes termos:

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza igual ou similar categoría á da convocatoria.

- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, en praza igual ou similar categoría á da convocatoria .

2) Fase de oposición:

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

A) Primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 25 preguntas, con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria, das cales 3 preguntas son de reserva. Neste exercicio cada pregunta constará de catro posibles respostas, sendo soamente unha correcta, penalizando cun punto cada tres respostas incorrectas e non puntuando as preguntas non contestadas.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

A puntuación máxima por este exercicio 20 puntos sendo preciso obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

B) Segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio de carácter práctico: consistirá en desenvolver unha ou varias cuestións prácticas ou realizar a tarefa ou tarefas que propoña o tribunal, relacionadas coas materias obxecto do temario establecido no anexo, e con respecto as tarefas propias da praza convocada no prazo de tempo que estableza o tribunal en función da natureza da proba.

No caso de desenvolverse de forma escrita, o exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal en sesión pública na data que se determine. O Tribunal poderá facer algunha pregunta ao opositor sobre a exposición ou solicitar algunha aclaración.

Este exercicio cualificarase de 0 a 6 puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de 3 puntos.

O criterio esencial de valoración desta proba é a correcta aplicación dos coñecementos dos/as aspirantes e da súa formación profesional a resolución dos problemas prácticos presentados.

No caso de que o tribunal estableza varias tarefas ou preguntas e que non se valoren de forma idéntica todas elas, deberá darse a coñecer aos/as aspirantes a puntuación de cada cuestión con carácter previo ao inicio da proba. De non especificarse a puntuación reputarase que teñen idéntica valoración cada unha delas.

C) Terceiro exercicio, De carácter obrigatorio e non eliminatorio só para aqueles aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel CELGA 2 ou equivalente, xunto coa solicitude de participación . Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal. Cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos. Quedan exentas desta proba as persoas aspirantes que acrediten o Celga 2, outorgándoseles a cualificación máxima (2 puntos).

Embarazo de risco ou parto

Se algunha das aspirantes non puidera completar o proceso selectivo a causa do embarazo de risco ou parto debidamente acreditados, a súa situación quedará condicionada á finalización deste e á superación das fases que quedasen aprazadas, que non poderán demorarse tanto que se menoscabe o dereito do resto das e dos aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal, e en todo caso a realización das probas terá lugar antes da publicación da lista de aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo.

7. CONTRATACIÓN E CESAMENTO

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio no taboleiro de edictos e páxina web municipal) a puntuación final total dos/ as candidatos/as que teñan superado o proceso selectivo, cunha relación dos/as finalmente seleccionados/as para a



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

ocupación da praza convocada. Propoñendo, asemade, a contratación, como persoal laboral fixo Auxiliar Axuda a domicilio, en igual número ás vacantes convocadas, en base á puntuación acadada polos/as aspirantes; proposta que se elevará á Alcaldía, para que, con arranxo ás competencias recoñecidas ao efecto, proceda a resolver a devandita contratación.

Resolta pola Alcaldía a contratación do/a aspirante seleccionado/a, con indicación provisional de destino, serán obxecto de publicación no taboleiro de edictos e páxina web municipal, así como no BOP e no DOG.

A contratación, formalizárase no contrato laboral que proceda.

As persoas aspirantes contratadas cesarán polas causas legalmente establecidas.

BOLSA DE TRABALLO

Unha vez finalizado o proceso selectivo, cas persoas que non consigan praza e superen o proceso selectivo, confeccionaranse unha bolsa de traballo ca correspondente listaxe ordenada de maior o menor puntuación, e que servirán para efectuar os chamamentos co fin de realizar as contratacións temporais necesarias na categoría de Auxiliar de Axuda a domicilio, e permitidas na nova reforma laboral.

As persoas integrantes da lista terán a obriga de comunicarlle ao departamento de Persoal calquera variación no seu enderezo postal, enderezo electrónico ou teléfono, con respecto aos sinalados na solicitude de participación, e mantelos permanentemente actualizados durante a vixencia da lista.

O chamamento das persoas aspirantes farase segundo o aprobado nas Bases xerais aprobadas mediante Decreto nº2018-1119 de data 3 de maio de 2018, publicadas no BOPPO nº 97 de data 22 de maio de 2018, cuxo texto consolidado foi publicado no BOPPO N° 193 de data 5 de outubro de 2018.

8.- TRIBUNAL

Os membros do tribunal cualificador serán designados por Resolución de Alcaldía, segundo o disposto no art.60 do TREBEP, art. 59 da LEPG, e no art. 4 do R.D.896/1991, de 7 de xullo, polo que se establecen a regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección traballadores da Administración Local, así:

1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes.

2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente/a, secretario/a e tres vogais, tendo en conta a paridade entre homes e mulleres. Todos os membros terán voz e voto.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

Os membros dos órganos de selección deberán pertencer a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta representación por conta de ninguén. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as ou laboral temporal, o persoal eventual, e as persoas que nos últimos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes aprobas selectivas ou houberan colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

4. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas con voz e sen voto, que deberán ser nomeados/as previamente polo mesmo órgano que nomeou o tribunal, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5. Por resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, e xuntamente coa lista definitiva de admitidos/as, se incluírá os nomeamentos dos membros titulares e suplentes do tribunal cualificador, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na páxina web www.ponteareas.gal.

6. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao/á Sr/a. Presidente/a do mesmo cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o/a presidente/a para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes, e en todo caso o Presidente/a e Secretario/a ou os seus suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso.

9. A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras de cada convocatoria.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

10. No caso de ausencia do/a presidente/a titular e do/a presidente/a suplente actuará no seu lugar ou vogal designado en primeira orde.

11. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

12. Ao tribunal corresponderalle o desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, estando vinculado na súa actuación ás presentes bases, supletoriamente será de aplicación as normas recollidas na Lei 40/2015 para os órganos colexiados. As comunicacións que formulen os/as aspirantes ao tribunal dirixiranse a seu presidente/a e serán presentadas no rexistro xeral do Concello.

13. A presidencia do tribunal coordinará e realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates co seu voto de calidade. Os acordos do tribunal poderán ser obxecto de recurso dealzada ante o/a Alcalde/sa nos termos recollidos para este tipo de reclamación na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

14. O tribunal poderá contar ademais coa asistencia de persoal colaborador na vixilancia das probas de selección nas que polo número de aspirantes convocados, requírase persoal de apoio.

9.- INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ao amparo da lexislación vixente.

10.- RÉXIME XURÍDICO

O non previsto nestas bases regularase polo establecido na lexislación vixente de aplicación.

11.- RÉXIME DE IMPUGNACIÓN

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses. Contra a resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra o acordo do tribunal de lista definitiva de puntuacións que dé remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o/a Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra os actos de



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo. Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

12.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

Estas bases vinculan ao Concello de Pontearreas, os tribunais cualificadores, as persoas aspirantes.



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

ANEXO I
SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL E PERSOAL FUNCIONARIO
CONCELLO PONTEAREAS

PRAZA SOLICITADA

Denominación:	Minusvalía %:
	E-mail:

DATOS PERSOAIS

Apelidos:	Nome:	D.N.I.:	
		Sexo:	
Data Nacemento:	Enderezo particular:	C.P.:	Teléfono:
Localidade:	Provincia:	Nacionalidade:	

TÍTULOS ACADÉMICOS:

Esixidos na Convocatoria:	Centro de Expedición:	Data:
Acreditación Galego:	Centro de Expedición:	Data:

IDIOMA NO QUE DESEXA REALIZAR AS PROBAS:

GALEGO CASTELÁN

A persoa que asina abaixo, solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire esta instancia, e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral do Concello de Ponteareas e as sinaladas expresamente nesta convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude, no momento de chamamento ou contratación.

Asinado....., de de 20.....

Á ALCALDÍA – PRESIDENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HM8YQH3U600Y2YX5



Venres, 20 de maio de 2022

Núm. 96

ANEXO II: TEMARIO

Tema 1: A Constitución Española de 1978: Principios xerais, estrutura e contido esencial.

Tema 2: Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia: Título Preliminar.

Tema 3: Normativa que regula o servizo de axuda no fogar. Ordenanza municipal reguladora do servizo.

Tema 4: Obxectivos do servizo de axuda no fogar.

Tema 5: Dereitos e deberes das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

Tema 6: A mobilización das/os enfermas/os: pautas xerais e movementos a realizar.

Tema 7: A prevención de accidentes domésticos: intoxicacións, atragantamentos, caídas, queimaduras, electrocución. Seguridade persoal da/o asistida/o.

Tema 8: Intervención da/o auxiliar de axuda a domicilio na nutrición, hixiene e aseo persoal da/o asistida/o.

Tema 9: Aspectos xerais do envellecemento. Necesidades sociais e humanas no envellecemento.

Tema 10: Os malos tratos ás persoas maiores e ás persoas enfermas.

Pontareas, documento asinado electronicamente.

A Alcaldesa

Cristina Fernández Davila.

